



Obxecto:	Informe Estudio de Impacto Ambiental e Proxecto de Interese Autonómico
Proxecto:	Parque Eólico Meirama
Concellos:	Cerceda, Carral e Ordes (A Coruña)
Promotor:	Naturgy Renovables, S.L.U.
Remitido:	Servicio de Enerxía e Minas. Delegación Territorial da Coruña da Vicepresidencia segunda, Consellería de Economía, Empresa e Innovación
Clave:	IN408A 2018/27
Expte.:	03.I.532.2021.001 (Servizo de Arqueoloxía) e IA2922/2019 (Servizo de Arquitectura)

O 19.07.2021 ten entrada no rexistro electrónico da Xunta de Galicia un escrito do Servizo de Enerxía e Minas da Xefatura Territorial da Coruña da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación no que, de acordo co artigo 34 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia e a Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, solicítase que a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural emita o correspondente informe sobre os documentos sinalados na cabeceira.

A tales efectos achégase o enlace para descargar os documentos *Estudo de Impacto Ambiental parque eólico Meirama 2021* e *Proyecto de Interés Autonómico parque eólico Meirama, Cerceda y Carral (A Coruña) Mayo 2021*.

ANTECEDENTES E FEITOS

Con data 06.06.2019 a directora xeral de Patrimonio Cultural resolve autorizar a intervención *Prospección Arqueolóxica para Avaliación de Impacto sobre o Patrimonio Cultural do Parque Eólico Meirama e a súa Infraestrutura Evacuación (Cerceda, A Coruña)*, con código ED 102A 2019/359-0), asinada e dirixida polo arqueólogo Cristóbal Nodar Nodar da empresa Zeta Arqueoloxía e Sistemas de Xestión Integral do Patrimonio, S.L.

Con data 19.12.2019 a directora xeral de Patrimonio Cultural, no trámite de consultas na avaliación de impacto ambiental ordinaria, emite informe e relación ao *Documento de inicio del parque eólico Meirama. Junio 2018*. Dito informe recolle a necesidade de contar cunha avaliación do impacto do proxecto sobre o Patrimonio Cultural.

CONSIDERACIÓN LEGAIS E TÉCNICAS

- Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia (DOG núm. 92, do 16.05.2016)
- Lei 7/2008, do 7 de xullo, de Protección da Paisaxe de Galicia (DOG núm. 139, do 18.07.2008)
- Decreto 19/2011, do 10 de febreiro, polo que se aproban as Directrices de Ordenación do territorio de Galicia (DOG núm. 36 do 22.02.2011)
- Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental (BOE núm. 296, do 11.12.2013)
- Lei 9/2018, de 5 de decembro, pola que se modifica a Lei 21/2013 de 9 de decembro de avaliación ambiental, a Lei 21/2015 de 20 de xullo, pola que se modifica a Lei 43/2003, de 21 de novembro, de Montes e a Lei 2/2005, de 9 de marzo, pola que se regula o réxime de comercio de emisións de gases de efecto invernadoiro (BOE núm. 294, do 06.12.2018)
- Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia (DOG núm. 162, do 27.08.2018)
- Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm. 150, do 06.08.1997)
- Decreto 198/2020, de 20 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Universidade (DOG núm.242 do 01.12.2020)

Estudo de Impacto Ambiental

- Segundo a documentación remitida o obxecto do proxecto é a construción dun parque eólico cunha potencia total de 49,5 MW, composto por 13 aeroxeradores de 3,808 MW de potencia nominal unitaria, 131 m de altura de buxe e 138 m de diámetro de rotor, así como pola súa infraestrutura asociada: vieiros de acceso e servizo, plataformas de montaxe, cimentación, gabias de cableado, subestación eléctrica e edificio de control, torre de medición e zona de acopio.
- No documento non se contempla a infraestrutura de evacuación do parque.
- Os accesos ao parque eólico non veñen especificados, aínda que pola planimetría achegada, vese que os vieiros do parque saen da estrada AC-523 e por outra estrada secundaria para o acceso ó aeroxerador ME-09.



- No estudo de impacto ambiental valóranse dúas alternativas para o deseño do parque eólico. A seleccionada é a alternativa 1, xa que ao reducirse o número de aeroxeradores redúcense tamén as afeccións ambientais.
- No apartado 3.10.6 *Patrimonio Cultural y arqueológico*, achegase un resumo dos elementos inventariados dentro da poligonal do parque eólico. En total enumera a existencia de tres xacementos arqueolóxicos, o Túmulo 1 de Ponte Pantín (GA15024008), o Túmulo 2 de Ponte Pantín (GA15024009) e o xacemento Os Castros (GA15024020). Tamén refire neste apartado a presenza do Camiño Inglés, a unha distancia de 4,3 quilómetros.
- No apartado 4. *Identificación, descripción y evaluación de impactos* considérase que pode haber impacto potencial sobre os elementos do Patrimonio cultural. No subapartado 4.2.1, no que se determinan os impactos significativos, sinálase que levouse a cabo unha prospección arqueolóxica, e o Anexo 9 recolle os resultados da mesma.
- No apartado 6, *Programa de vigilancia ambiental* remítesenos ao Anexo 9 Estudo de Impacto Cultural para coñecer as medidas para o patrimonio.
- Como Anexo 9 ao EslA achéganse varios documentos:
 - Adenda 1, na que se expoñen algunhas variacións do proxecto orixinal avaliado no ano 2019. Dentro desta mesma adenda Inclúese un refundido da Memoria Técnica Final, incluíndo os resultados obtidos no marco da prospección arqueolóxica realizada para levar a cabo o estudo de impacto do proxecto, pero actualizando as análises dos impactos e as medidas correctoras.
 - Adenda II, no que se da conta dunha modificación das dimensións da SET e da planta da poligonal, que tampouco provocan novas afeccións sobre os elementos de patrimonio.
- De acordo cos documentos contidos no Anexo 9, no ámbito da poligonal atópanse 3 bens do patrimonio arqueolóxico, aínda que non afectados pola infraestrutura eólica, faise unha breve descrición dos elementos arqueolóxicos e presentase unha ficha individualizada deles. Estas fichas non contemplan o estado actual dos bens, nin a distancia ás obras, nin especifican cal é a obra concreta que se sitúa máis preto do ben.
- Non se establecen medidas correctoras para ningún dos bens ao non detectarse afeccións. Os elementos recollidos e as distancias as obras son as seguintes

Código	Elemento	Distancia	Impacto
GA15024008	Túmulo de Ponte Pantín 1	201 metros	Sen Impacto
GA15024009	Túmulo de Ponte Pantín 2	237 metros	Sen Impacto
GA15024020	Os Castros	515 metros	Sen Impacto

- En relación co patrimonio arquitectónico ou etnográfico, non foi identificado ningún ben no ámbito de afección das obras nin dentro da poligonal.
- Como medidas correctoras de carácter xeral propóñense neste estudo:
 - Control e seguimento arqueolóxico das obras, sobre todo en fase de replanteo e remoción de terras.
 - Comunicación, ao equipo encargado do control e seguimento, do emprazamento de posibles zonas de acopio ou préstamo, como de calquera obra non recollida na planimetría do proxecto.
 - Revisión pormenorizada de todo o replanteo previo ás obras.
 - Incorporación nos planos dos responsables de obra os elementos do patrimonio cultural e as súas cautelas.
 - Balizado dos posibles elementos que aparecieran durante as fases de replanteo e construción, sinalización na planimetría de obra e prohibición de remocións non controladas nas súas inmediacións.

Proxecto de Interese Autonómico

O proxecto de Interese autonómico ten por obxecto planificar e proxectar a execución inmediata de actuacións que transcenden do ámbito municipal pola súa incidencia territorial, económica, social ou cultural, a súa



magnitude ou os seus singulares características.

No apartado 1.6.1 titulado *Sostenibilidade*, dise que as obras non ocuparán ningún dos contornos dos elementos do patrimonio cultural. No apartado 3.5 *Proteccións arqueolóxicas*, menciona os elementos identificados na poligonal, a distancia dos mesmos coas posicións aos aeroxeradores e que se realizará a percepción prospección arqueolóxica. O seu Anexo 1 inclúe o documento de síntese do estudo de impacto ambiental, que fai referencia ao seu Anexo 9 Estudo de impacto sobre o patrimonio cultural.

Unha vez analizados os documentos, pódense facer as seguintes consideracións técnicas:

- De acordo cos arquivos da Subdirección Xeral de Conservación e Restauración de Bens Culturais, e consultada a diversa cartografía e fotografías aéreas, así como o planeamento municipal, o plan básico autonómico e os visores do Instituto de Estudos do Territorio, constátase que na contorna próxima existen bens integrantes do patrimonio arqueolóxico que se poderían ver afectados pola construción do parque eólico si non se adoptar medidas protectoras e correctoras. Por outra banda, non se ten constancia de que no ámbito de afección do parque e no seu contorno existan bens integrantes do patrimonio arquitectónico ou etnográfico que se poidan ver afectados pola construción da infraestrutura eólica.
- Non se concreta nos documentos o acceso ao parque eólico desde fóra da poligonal desde a rede de estradas xerais, nin as actuacións que será necesario realizar para acondicionar eses accesos, polo que non se pode valorar se existen elementos do patrimonio cultural que poidan verse afectados polas actuacións necesarias para adecuar os accesos na fase de obras (rectificación de curvas, sobreanchos, cunetas, limpeza de vexetación, podas, etc...).
- As fichas de catalogación presentadas no *Estudio de Impacto del Patrimonio Cultural* non recollen as especificacións técnicas e características construtivas da obra ou parte do proxecto que ocasiona o impacto nin a distancia concreta entre as obras e os elementos non está recollida. A realización destas fichas suponse debe ser unha ferramenta da propia avaliación de impacto e neste caso as fichas non serven de axuda para considerar cales son as afeccións que ocasionan o impacto compatible especificado para tódolos bens, ou a relación dos bens coas obras.
- Cotexados os datos e a planimetría do *Estudio de Impacto Ambiental parque eólico Meirama 2021 e Proyecto de Interés autonómico parque eólico Meirama, Cerceda y Carral (A Coruña) Mayo 2021*, compróbase que non existe diferenza nas características e localización do proxecto.

INFORME

Á vista do exposto, na análise da documentación presentada e nas consideracións técnicas, se poden informar de xeito **favorable** os documentos *Estudio de Impacto Ambiental parque eólico Meirama 2021 e Proyecto de Interés autonómico parque eólico Meirama Cerceda y Carral (A Coruña) Mayo 2021*, debéndose levar a cabo as medidas correctoras establecidas no Anexo nº 9 do Estudo de Impacto Ambiental, tendo en conta as seguintes **consideracións e condicións**:

- Accesos ao parque:
 - Non se concreta o acceso ao parque eólico dende fóra da poligonal, nin as actuacións que serán necesarias para acondicionar estes accesos, polo que non se pode valorar se existen elementos do patrimonio cultural que poidan verse afectados polas actuacións de adecuación dos accesos na fase de obras (rectificación de curvas, sobreanchos, cunetas, limpeza de vexetación, podas, etc...). Polo que deberase realizar unha prospección arqueolóxica de todo o ámbito afectado polos accesos ao parque. Esta intervención deberá ser levada a cabo por arqueólogas/os competentes autorizadas/os por esta Dirección Xeral de Patrimonio Cultural. A este efecto deberá presentarse un proxecto arqueolóxico axustado ao establecido na Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia (DOG núm. 92, do 16.05.2016) e no Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm., 150, do 06.08.1997).
 - Consultaranse os catálogos das figuras dos planeamentos en vigor dos concellos afectados polo proxecto, os arquivos existentes na Subdirección Xeral de Conservación e Restauración de Bens Culturais e o Plan básico autonómico de Galicia.
 - Delimitaranse os bens do patrimonio cultural e as súas áreas de protección, baseándose no traballo de campo, en planimetría de detalle, en fotografía aérea e, no seu caso, en cartografía catastral. Estas áreas deberán axustarse ao previsto na normativa urbanística vixente nos concellos afectados





e subsidiariamente ao disposto no artigo 38 da Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia (DOG núm. 92, do 16.05.2016).

- Presentarase planimetría na escala apropiada na que se definan claramente as características dos accesos do proxecto (tramos existentes a modificar e tramos de nova construción) e se detallen as actuacións necesarias para facilitar o paso do transporte especial (podas, talas, rectificación de curvas, modificacións no firme, cunetas, etc.). Cómpre sinalar que se deberán respectar os contornos de protección dos elementos catalogados do patrimonio cultural quedando libres de obra nova.
- A avaliación do impacto do proxecto deberá contar cunha ficha individualizada de cada elemento na que se fará constar as especificacións técnicas e características construtivas da obra ou proxecto que ocasiona o impacto, cualificación do mesmo, a distancia entre as obras e os elementos e proposta de medidas protectoras e correctoras.
- Os traballos de construción do parque eólico realizaranse baixo control e seguimento arqueolóxico; a tal fin, e previo ao inicio dos mesmos, deberá presentarse un proxecto arqueolóxico axustado ao establecido na Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia (DOG núm. 92, do 16.05.2016) e no Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm., 150, do 06.08.1997).
- A totalidade das obras que comporten movementos ou remocións de terras deberán levar aparelladas o control arqueolóxico das mesmas, que deberá de ser presencial e continuo nos contornos de protección dos xacementos arqueolóxicos que puidesen aparecer no transcurso das obras ou, de ser o caso, os afectados pola execución dos accesos. Realizarase un especial seguimento da roza das zonas de obra, así como o control dos perfís e cortes que se xeren. No caso de que se constate a existencia de restos arqueolóxicos, primarase a conservación dos mesmos.
- Calquera modificación do proxecto terá que ser informada pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural.
- Certificarase o estado final dos elementos incluídos no patrimonio cultural unha vez rematada a totalidade de las obras.
- Os contornos de protección dos elementos catalogados do patrimonio cultural, deberán quedar libres tanto de obra nova relacionada co parque eólico e a liña de evacuación proxectada coma de zonas de amoreamento de materiais ou os accesos.
- Respecto ó proxecto sectorial:
 - Na planimetría de clasificación urbanística proposta incluíranse e reflectiranse os bens patrimoniais recollidos no Estudo de Impacto Cultural, así como os seus contornos de protección.
 - Os Concellos afectados deberán integrar os novos bens patrimoniais nos seus catálogos urbanísticos de protección.

Documento asinado electronicamente en Santiago de Compostela

A directora xeral do Patrimonio Cultural

M^a Carmen Martínez Ínsua

Servizo de Enerxías e Minas. Xefatura Territorial de A Coruña da Vicepresidencia segunda, Consellería de Economía, Empresa e Innovación.

